

**CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MUSICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA**



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CONCERTO DUO MEIRELES & SOUZA GUEDES

**VENRES 29 DE ABRIL, 2022
AUDITORIO, 19:30 H**

PROGRAMA

O dúo Luís Meireles (frauta) / M^a José Souza Guedes (piano) está formado por recoñecidos músicos portugueses.

En actividade permanente desde 1996, o Dúo actuou regularmente en Portugal e no estranxeiro, en Festivais Internacionais de prestixio e importantes salas. Realizaron varios centos de concertos en 23 países europeos: Portugal (incluíndo Azores e Madeira), España (e Gran Canaria), Italia (incluíndo Sardegna e Sicilia), Bélxica, Suíza, Francia, Alemaña, Suecia, Noruega, Finlandia, Rusia, Polonia, República Checa, Eslovaquia, Austria, Hungría, Eslovenia, Serbia, Macedonia, Croacia, Montenegro, Romanía e Grecia; ademais de Siberia (Khanty Mansiisk), EE. UU. (Oregón e California), Cuba e Singapur.

Gravaron para RDP e RTP (Portugal), Macedonia Television (Grecia), Rádio Bartók (Hungría), Khanty- Mansiisk TV (Siberia), Radio Nacional de Eslovenia e Radio Nacional de Novi Sad (Serbia). O dúo conta cunha marcada presenza nas plataformas dixitais, con decenas de vídeos e gravacións en youtube, facebook, etc. Ademais do CD "Late Romantic", que recibiu brillantes críticas a nivel internacional, teñen outras tres gravacións, con obras mestras do repertorio de frauta.

Maria José Souza Guedes e Luís Meireles son profesores no Conservatorio de Música do Porto, onde formaron alumnos que foron premiados en concursos nacionais e internacionais.

L.v Beethoven - Variacións op. 107 nº 3 sobre un tema bieloruso

F. Schubert - Introducción, tema e variacións op. 160 sobre "a Bela Muiñeira"

R Schumann – Pezas de Fantasia op 73 (para frauta alto)

Terno e expresivo

Vivo e leve

Rápido e fogoso

J. Brahms – Sonata op 120 nº 2

Allegro amabile

Appassionato, ma non troppo Allegro

Andante con moto

Allegro

Luis Meireles, frauta
M.^a Jose Souza Guedes, piano